



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DO CARBALLIÑO E A ENTIDADE SOCIEDADE DE PESCA DEPORTIVA ARENTEIRO PARA ESTABLECER AS CONDICIÓN S E COMPROMISOS APLICABLES Á SUBVENCIÓN PREVISTA CON CARÁCTER NOMINATIVO NO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2019

O Carballiño, 11 de decembro de 2019

REUNIDOS

Dunha parte **D. Francisco José Fumega Piñeiro**, alcalde-presidente do Concello do Carballiño (Ourense) exceptuado de sinalar as súas circunstancias persoais por razón do cargo que ocupa, actuando en nome e representación do mesmo.

E doutra, **D/Dª. ALFONSO CARBALLEDA PINAL** con NIF 34597606V, en representación da entidade **SOCIEDADE DE PESCA DEPORTIVA ARENTEIRO** con CIF G32113714 actuando en nome e representación da mesma.

MANIFESTAN

I. Que a asociación **SOCIEDADE DE PESCA DEPORTIVA ARENTEIRO** ten como principal obxectivo o fomento e o impulso da práctica continuada de unha ou varias modalidades deportivas de pesca, así como a participación en actividades e competicións, calquera que sexa o nivel e destinatario, ademais de protexer, conservar e mellorar o medio fluvial e a súa contorna, sendo a Comarca do Carballiño onde desenvolve a súa actividade ca tarefa da promoción do deporte da pesca e que a súa vez, directamente, o coidado e garda das dúas canles de troitas coas que conta o Concello ao carón do río Arenteiro.

II. Que o Concello considera que o labor que realiza a Asociación constitúe unha actividade de interese xeral que cumpre unha función social, de promoción do deporte, e da promoción turística, cultural e de activación económica, en continua colaboración coas actividades municipais.

III. É de interese público, contando na actualidade con 227 socios adultos e 55 infantís, o cal supón unha promoción do turismo e da actividade deportiva no Concello, a través da organización de diferentes actividades.

IV. Que a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e a Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia, posibilitan nos seus artigos 25 e 80 respectivamente, as funcións de promoción e estímulo de actividades de interese local, recoñecendo como competencias propias dos concellos as de promoción do turismo, do deporte e da economía local.

V. As axudas económicas e as subvencións forman parte da actividade de fomento da que a Administración Local pode facer uso co fin de promover e apoiar actividades de interese público que contribúan á satisfacción de necesidades ou intereses propios da comunidade veciñal local. É en definitiva, unha medida de carácter económico tendente a que sexan os



proprios cidadáns da comunidade local, de xeito individual ou asociado, os que libremente colaboren co cumprimento de fins colectivos convenientes ou desexables e non dispoñan de recursos suficientes para levar a cabo a actividade de que se trate.

VI. Que nas Bases de execución do orzamento para o **exercicio 2019** consta a seguinte subvención nominativa:

Aplicación orzamentaria	Entidade beneficiaria	Importe
341.11.480.07	SOCIEDADE DE PESCA DEPORTIVA ARENTEIRO	6.000,00 €

VII. Que a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), dispón no seu artigo 22.2 que poderán concederse de **FORMA DIRECTA** as Subvencións previstas nominativamente nos Orzamentos Xerais do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais, nos termos recollidos nos CONVENIOS e na normativa reguladora destas Subvencións, e no artigo 28, establece que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar estas SUBVENCIONES.

VIII. Que o RD. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei xeral de subvencións, no seu artigo 66, prevé que nestes supostos o acto de concesión ou convenio terán o carácter de bases reguladoras da concesión para os efectos do establecido na LXS, e determina o contido do mesmo.

Así pois, de conformidade co establecido nas citadas disposicións, ambas as partes acordan subscribir o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN, o cal se rexerá polas seguintes:

CLÁUSULAS

1. OBXECTO DO CONVENIO.

O presente convenio formalízase co obxecto de sufragar, en parte, os gastos derivados da organización e fomento da posta en marcha da **"GARDERÍA DAS CANLES DE TROITAS"**.

2. CONTÍA E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A contía da subvención ascende a **SEIS MIL euros (6.000,00 euros)**, que é o importe total do crédito orzamentario autorizado. O devandito crédito é un crédito do capítulo 4 "Transferencias correntes" do programa 341, polo que non poderán aplicarse os fondos a gastos de distinta natureza e finalidade á que é propia dos gastos imputables ao devandito crédito.

Dita contía total (100%) da subvención outorgada impútase ao exercicio económico de 2019.

3. PERÍODO SUBVENCIONABLE.

Este acordo contempla a execución de actividades durante o período comprendido dende do 1 de xaneiro de 2019 e ata o 31 de outubro de 2019.



4. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS.

As subvencións serán compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo do que puidese establecer a normativa reguladora das devanditas subvencións ou axudas, sempre e cando o importe da subvención concedida non sexa en ningún caso de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

5. OBRIGAS XERAIS DA ENTIDADE/ASOCIACIÓN BENEFICIARIA.

A entidade beneficiaria comprométese a:

- A. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.
- B. Xustificar ante o órgano que concede a subvención o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou goce de dita subvención.
- C. Someterse ás actuacións de comprobación, a efectuar polo órgano que concede a subvención, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- D. Comunicar ao órgano que concede a subvención ou á entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.
Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- E. Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social, na forma que se determine regulamentariamente.
O Concello comprobará de oficio que a Asociación non ten débedas pendentes coa facenda local.
- F. Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cuantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- G. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- H. Manter coordinación permanente coa Área de Comercio do Concello do Carballiño.
- I. Se sé realizasen actividades de difusión do proxecto, en calquera soporte, deberá deixarse constancia da existencia de financiamento do Concello do Carballiño, quedando exentos en caso de que a actividade se realizase con data anterior a





sinatura do convenio. A non xustificación da publicidade suporá unha minoración da subvención do 5% da axuda concedida.

Así mesmo a entidade responsabilízase de:

- Realizar as actividades que fundamentan o presente convenio.
- Contar cos medios persoais e materiais adecuados para o cumprimento dos fins citados.
- Velar polo cumprimento dos dereitos e obrigas que as leis lles confiran ós beneficiarios do proxecto, debendo realizar unha evolución do proxecto e da actividade.

6. GASTOS SUBVENCIONABLES.

a) Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubitado respondan á natureza das actividades subvencionadas e se realicen no prazo establecido no presente convenio. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Á vista do proxecto presentado polo beneficiario, o importe do gasto subvencionable ascende a **19.209,03 €**. Dado que a subvención outorgada elévase a, como máximo, **6.000,00 €**, esta representa un **31,24 %** dos gastos do proxecto presentado. Se os gastos subvencionados xustificados correctamente son inferiores aos do proxecto presentado minorarase a achega municipal na proporción fixada neste parágrafo.

b) O tipo de gasto subvencionable: gastos correntes con duración inferior a un ano derivados da actividade deportiva, formativa e competitiva relacionada co obxecto detallado na cláusula 1ª, mais concretamente:

- *Gastos de persoal contratado especificamente para ás actividades.*
- *Arrendamento de servizos de empresas.*
- *Servizos técnicos para a realización de actividades.*
- *Outros gastos correntes habituais (materiais para as actividades,...)*
- *Edición de publicacións en distintos soportes, publicidade e difusión das actividades.*
- *Os gastos protocolarios e de representación, dietas, gastos de viaxe, aloxamento e manutención así como gastos de xestión e administración ordinaria (cátering, agasallos, galardóns, material de oficina, teléfono, mensaxería, comunicacións postais, etc...) derivados da propia organización das actividades obxecto da axuda.*

c) Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado dende o 1 de xaneiro de 2019 ata o 30 de novembro de 2019.

7. XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN.

De acordo co artigo 30 da LXS, a rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio que deberá comprender:

- Instancia subscrita polo Presidente da Asociación na que solicite o pago da subvención no número de conta corrente indicada na solicitude.
- Presentación da conta xustificativa, que comprenderá:



- Memoria detallada que inclúa declaración da actividade realizada, financiada coa subvención e o seu custo.
 - De ser o caso, un exemplar de toda a documentación impresa xerada pola actividade que acredite a participación do Concello do Carballiño.
 - Relación desagregada de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada, distinguindo entre gasto total e gasto subvencionable, con identificación do acredor e do documento, concepto, importe e data de emisión.
 - Presentación de facturas ou demais documentos de valor probatorio equivalentes, con validez no tráfico mercantil ou laboral (TCS, cartas de pago, etc.).
 - O pago a terceiros poderase acreditar mediante un documento expedido por entidade financeira no que quede identificado o beneficiario, o importe e a data de pago (cartóns bancarios de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias, cheques, etc.). Non se admitirán pagos en metálico.

Excepcionalmente, en caso de que a entidade non dispoña de recursos económicos suficientes para realizar os pagos antes da xustificación, e previa declaración responsable a tal efecto, non será preciso acreditar o pagamento na presentación da conta xustificativa, concedéndolle un prazo a partires da recepción dos fondos para acreditar o pago das facturas.

- Declaración xurada do beneficiario que acredite que as facturas que se presentan como xustificantes foron aplicadas á actividade subvencionada.
- Relación desagregada de todos os ingresos que financian a actividade (fondos propios, subvención concedida e outras subvencións). Tamén deberá acreditarse o seu importe, procedencia e aplicación ás actividades subvencionadas.
- Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Facenda estatal e autonómica, así como coa Seguridade Social. O Concello comprobará de oficio que a Asociación se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias coa facenda local.
- Certificación do número de conta expedida pola entidade financeira correspondente.

- c) Os gastos certificados teñen que ser iguais ou superiores ao importe da subvención concedida. A subvención representa o 31,24 % do total do proxecto presentado.
- d) A subvención non financia ningún tipo de gasto de inversión.
- e) O prazo para presentar a documentación xustificativa será ata o día 15 de decembro de 2019.

8. FORMA DE PAGO.

O pago do importe da subvención correspondente o 100% do importe total da subvención concedida, realizarase a aprobación e sinatura do presente convenio, e unha vez presentada, por parte da entidade beneficiaria, a conta xustificativa nos termos expostos na cláusula 7 deste convenio, e aprobada esta polo concello.



Dito convenio deberá estar publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

9. DIFUSIÓN.

As partes comprométense a destacar a colaboración, obxecto do presente convenio, incluíndo os seus logotipos, en cantos medios se utilicen para a súa promoción e difusión (comunicacións, páxinas web, facebook, etc...) así como nas actividades e na documentación que se xere como consecuencia do desenvolvemento da mesma, respectando, en todo caso, o logotipo e directrices de imaxe externa que se indique pola entidades.

10. INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

En materia de infraccións e sancións estarase ao disposto no capítulo IX da Ordenanza Xeral Reguladora das Subvencións do Concello do Carballiño (BOP núm. 49, de 2 de marzo de 2015)

11. ENTRADA EN VIGOR E PRAZO DE VIXENCIA.

O presente convenio entrará en vigor unha vez aprobado polo órgano municipal competente e subscrito polas partes, mantendo a súa vixencia durante o exercicio 2019.

En todo o non contemplado neste convenio estarase ao disposto na LXS e restante normativa de aplicación.

Así o conveñen as partes e en proba de conformidade con canto antecede asinan o presente documento por triplicado en lugar e data ao principio indicados.

O ALCALDE

A PRESIDENCIA DA ASOCIACIÓN

